



CIRCULAR 4/2006, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNOS EN EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En relación coa circular remitida desde as delegación provinciais a todos os centros educativos de Galicia, e como complemento dela, compre recordar o seguinte:

1.- O prazo de presentación de solicitudes de admisión abranguerá desde o 16 de marzo ata o 18 de abril, ambos inclusive. A instancia deberá presentarse no centro solicitado en primeiro lugar, non podendo aceptarse solicitudes para ensinanzas que non vaian impartirse nese centro.

2.- Os centros educativos non poderán recoller ningunha solicitude que sexa presentada fóra dese período, comunicando ás persoas que pretendan entregar instancias fóra desas datas, que terán que presentalas no Servizo Provincial de Inspección Educativa ou na Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3.- Todos os centros teñen a obriga de cumprir estrictamente as normas recollidas na lexislación de escolarización e os criterios establecidos na circular remitida desde as delegacións provinciais para proceder á valoración das solicitudes de prazas presentadas nos seus centros.

4.- As solicitudes que incorran en duplicidade non serán obxecto de baremo co resto de solicitudes e remitiranse directamente ao servizo de Inspección Educativa correspondente para que podan ser escolarizadas pola Comisión de Escolarización.

5.- Por parte do servizo de Inspección Educativa levarase a cabo un seguimento do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa, especialmente no referente aos datos da declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF) e a xustificación do domicilio, e avaliarase o proceso de xeito aleatorio en determinados centros tanto públicos como concertados.

En Santiago de Compostela, a 09 de marzo de 2006.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Asdo.: María Xosé Pérez Mariño.

Delegados provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Directores de centros escolares públicos.
Directores de centros privados concertados.